

PROGRAMACIÓN
CUARTO DE PRIMARIA
EDUCACIÓN FÍSICA

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3-5
2.-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, EMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL	6
3.-CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR	7
4.-LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES	7
5.-RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	8
6.-CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVARIABLE	09-20
7.-CONCRECIÓN METODOLÓXICA DA MATERIA	21-23
8.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	24-25
9.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	26-29
10.-INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICADOCENTE	30
11.-DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACIÓN DO CURSO 2019/2020) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	31
12.-DESENVOLVEMENTO TICS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL	31
13.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	32
14.-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	33

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica que se presenta a continuación xurde tendo en conta a situación de saúde pública provocada polo COVID-19, que a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a pandemia internacional.

Polas características especiais da área de Educación Física, que ten un alto compoñente de contido procedimental, co que esto con leva en canto a utilización de variedade de material, manipulación de dito material, contacto físico entre o alumnado, etc..., haberá que extremar as precaucións na práctica docente.

Polo tanto, cobrarán especial relevancia as adaptación no significativas de organización de espazos, material, e outras medidas que se especificarán no apartado de metodoloxía

CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo a Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa que se aplica na nosa comunidade a través do decreto 105/2014, do 4 de setembro querendo garantir a igualdade de oportunidades entre todos os alumnos e alumnas, a finalidade da Educación Primaria é proporcionarles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ao sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo a través das competencias clave:

- Competencia de comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencia sociais e cívicas.
- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia na conciencia e expresións culturais

Estas competencias son as que as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Trátase polo tanto para traballar cara a vida cotiá, un saber facer e saber actuar como cidadán. Por iso, o centro educativo debe organizar de xeito idóneo actividades, propiciando experiencias e ambientes que constitúan un medio óptimo para o desenvolvemento das capacidades.

Ademais débese contribuír de xeito eficaz para compensar todo tipo de desigualdades: carencias que teñen a súa orixe nas diferenzas do medio social, cultural e económico, as diferenzas psicolóxicas dos nenos/as, etc

Neste progresivo desenvolvemento cobran unha especial relevancia as relacións que poidan establecerse entre as experiencias previas e aquelas que se presentan como novidade, por canto que contribúen de xeito eficaz á construción de aprendizaxes significativos por parte dos nenos e nenas.

A programación é un instrumento fundamental que axuda e orienta ao profesor/a no proceso de E-A, que se desenvolve cun grupo concreto de alumnos. Coa programación sistematizamos o traballo diario e planificamos as tarefas a realizar durante o proceso educativo.

Polo tanto a PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA é necesaria por varias razóns:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación.
- Sistematiza, ordena e concreta o proceso indicado no P.E., contando con suficiente flexibilidade para deixar marxe á creatividade.
- Permite adaptar o traballo pedagógico ás características culturais e ambientais do contexto.

CONTEXTUALIZACIÓN

CEIP OS TILOS
Rúa do Ameneiro, 15894 Teo, A Coruña
Código de centro.- 15025724
CIF-Q6555190E
Educación Infantil e Primaria
Infantil.- 6 Unidades
Primaria.- 12 Unidades
Xornada Única.- (+ martes pola tarde)

Perfil do centro

Trátase do CEIP de Os Tilos, onde se imparte as etapas de Educación Infantil e Primaria; situado na parroquia de Os Tilos no Concello de Teo. É un centro de liña dúas, en tódolos cursos e conta con seis unidades de educación infantil e doce unidades de educación primaria.

Posúe un edificio para as aulas de educación infantil e outro para as aulas de educación primaria repartidas en tres plantas no que tamén están a biblioteca, a aula de informática, a sala de Mestres, a secretaría e a dirección, o despacho de orientación, un reservado para a Anpa, os aseos e os cuartos de limpeza. Un tercio do edificio é o ximnasio (que é o que máis nos interesa nesta programación). Ten un patio acondicionado lonxitudinalmente para a práctica do Balonmán e fútbol sala (porterías) e transversalmente forma dous campos para a práctica de minibasket.

2.-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

2.1.-Actividade Lectiva Presencial.

A planificación e traballo de contidos, farase tendo en conta como dixemos anteriormente as especiais circunstancias de pandemia nas que nos atopamos; priorizando na maioría do posible o traballo na clase de xeito individual respetando ás medidas de prevención hixiénico sanitarias; e por outra banda, intentaremos favorecer a socialización do alumnado mediante un recurso metodolóxico fundamental en educación física como é o xogo motor.

Se priorizará en todo momento o traballo físico no exterior coas medidas de establecidas para a prevención de contaxios polo covid.

2.2.-Actividade Lectiva Semipresencial.

Combinaremos a parte de traballo presencial seguindo as directrices expostas anteriormente, co traballo telemático que se explicará no seguinte punto deste apartado.

2.3.-Actividade Lectiva Non Presencial.

1.-Utilizaremos a Aula Dixital cunha contorna Moodle; aquí colgaranse os cuestionarios, leccións, tarefas que os alumnos/as deberán de realizar.

2.-Utilización de aplicacións didácticas dixitais como poden ser JCLIC, LIM, HOT POTATOES, para aprender xogando e reforzar contidos de tipo teórico.

3.- Asimesmo si fose necesario utilizaríamos a páxina web do Centro dentro da categoría de educación física para publicar enlaces, blogs recomendados, así como canle de comunicación coas familias se fose necesario.

Para levar a cabo este traballo será preciso por parte do alumnado de ordenadores e conexión a Internet.

2.4.-Alumnado de 1º 2º.

Propondremos dende a páxina web drupal do Centro, na categoría de educación física recomendacións para promover a actividade física na casa, utilizando os recursos dixitais dispoñibles (canles educativos, vídeos tutoriais), fichas, xogos, etc...

3.-CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

No curso anterior, o alumnado traballou todos os contidos que estaban previstos, xa que tendo en conta que a área de educación física ten un carácter altamente procedimental, foi un momento idóneo para traballar contidos que as veces polo interese dos rapaces en actividades físico deportivas máis prácticas e dinámicas, se traballaban en menor medida como poden ser os aspectos conceptuais relacionados coa saúde, reglamentación deportiva, educación vial, traballo das tics, etc...

4.-LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES ADQUIRIDAS O CURSO PASADO MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.

4.1.- Seguiremos traballando as capacidades físico motrices tendo en conta as medidas de prevención de contaxios; para levar a cabo este traballo favoreceremos o traballo individual a través de tabatas donde ademáis das capacidades físico motrices, se traballen capacidades resultantes como poden ser as coordinacións e os equilibrios.

Este traballo está presente en todas as actividades físico-motrices que levemos a cabo.

4.2.- Incidiremos en exercicios de tipo funcional, con peso do corpo e practicamente sen material, cunha clara transferencia a situación físicas e motrices da vida cotiá.

4.3.- Presentaremos xogos motores de diversos tipos (oposición, colaboración e colaboración/oposición), así como modalidades de iniciación deportiva individual, ou de cancha dividida e participación alterna.

4.4.- Cos cursos máis baixos tamén aproveitaremos está situación para traballar ou incidir en aspectos comunicativos e expresivos, rítmicos, etc...

5.-RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

APRENDER A APRENDER (Adaptación Terceira Avaliación)	COMPETENCIA DIXITAL(Adaptación Terceira Avaliación)
4º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	4º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
4º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	4º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
4º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (Adaptación Terceira Avaliación)
4º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz..	4º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
4º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	4º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
4º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	4º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
4º-EFB4.2.1 - Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.	COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA (Adaptación Terceira Avaliación)
4º-EFB4.2.2 - Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	4º-EFB4.2.1 - Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.
4º-EFB5.1.1 - Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.	4º-EFB4.2.2 - Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
4º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	4º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).

4º-EFB5.1.3 - Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	5º-EFB5.1.4 - Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.
COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (Adaptación Terceira Avaliación)	COMPETENCIA SENTIDO INICIATIVA ESPÍRITO EMPRENDEDOR
4º-EFB1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	4º-EFB5.1.4 - Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.
4º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	4º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
4º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz..	4º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
4º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	4º-EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
4º-EFB4.2.1 - Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.	

6.-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

6.1.-OBXECTIVOS

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as per-soas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.**
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.**

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respec-tar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importan-tes á cultura e á sociedade galegas.

6.2.-CONTIDOS

BLOQUE 1 CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas.

B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.

B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.

B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe

B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.

B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.

B1.9. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.

B1.10. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns ou peoas e ás persoas ciclistas.

BLOQUE 2 O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN

B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.

B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.

B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.

B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).

B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.

B2.6 Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.

B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude).

Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movemento).

BLOQUE 3 HABILIDADES MOTRICES

B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.

B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.

B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.

B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.

B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

BLOQUE 4 ACTIVIDADES FÍSICO ARTÍSTICO EXPRESIVAS

B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.

B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.

B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.

B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.

B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.

B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

BLOQUE 5 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.

B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.

B5.3. Práctica segura da actividade física, recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.

B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde, en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos.

B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.

BLOQUE 6 XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

B6.2. Respeto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.

B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.

B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.

B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.

B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.

B6.7. Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.

B6.8 Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).

B6.9 Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...).

B6.10 Coñecemento e coidado da contorno natural.

6.3.-PLANIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADES DIDÁCTICAS PRIMEIRO TRIMESTRE – SEPTEMBRO / DECEMBRO			
U.D.1 CAPACIDADES FÍSICO MOTRICES TRABALLO FUNCIONAL 1	U.D.2 CAPACIDADES FÍSICO MOTRICES TRABALLO FUNCIONAL 2	U.D.3 XOGOS DE COOPERACIÓN OPOSICIÓN INICIACIÓN DEPORTIVA	U.D.4 INICIACIÓN AL BÁDMINTON TRABALLO PRÁCTICO
UNIDADES DIDÁCTICAS SEGUNDO TRIMESTRE – XANEIRO / ABRIL			
U.D. 5 H.M.B. INICIACIÓN ATLETISMO DESRAZ.SALTOS	U.D. 6 H.M.B. INICIACIÓN ATLETISMO XIRO, LANZAM.-RECEPCIÓNS	U.D. 7 SAÚDE CORPORAL	U.D. 8 ED.VIAL
UNIDADES DIDÁCTICAS TERCEIRO TRIMESTRE – ABRIL / XUÑO			
U.D. 9 INICIACIÓN BALONMÁN	U.D. 10 DEPORTES ALTERNATIVOS COLPBOL	U.D. 11 DEPORTES ALTERNATIVOS PRE-BEISBOL	
ADAPTACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS EN CASO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL			
U.D. SAÚDE, HIXIENE E ALIMENTACIÓN (Repaso e reforzo teórico do 2º trimestre)	U.D. OS DEPORTES BÁDMINTON (Apoio Teórico / Coñecer máis)	U.D. DEPORTES ALTERNATIVOS COLPBOL (Apoio Teórico ás clases Prácticas xa realizadas)	U.D.CAPACIDADES FÍSICO MOTRICES (Repaso e reforzo teórico do 1º trimestre)

6.4.-PERFIL DE ÁREA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES BÁSICOS 20% (27) ESENCIALES/ PRIORITARIOS 80% (24)	INDICADOR MÍNIMO DO LOGRO EXISIBLE	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE	INSTUMENTOS PROCEDIMIENTOS AVALIACIÓN	C.C
EF-B1.1	4º-EFB1.1.1 - Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. Peso: 0,740%	Participa nos temas de debate os opinión da clase-50%	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. 100% INSTRUMENTOS: Asamblea. 100%	CSC CAA CD
EF-B1.1	4º-EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase. Peso 3,333	Sigue unha secuencia organizada, título, desarrollo, regras, espacio de xogo - 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. 100% INSTRUMENTOS: Gravación e análise. 100%	CCL CAA CSC
EF-B1.1	4º-EFB1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. Peso 3,333	Respeita aos compañeiros mas actividades propostas evitando conductas disruptivas -50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Diario de clase. 100%	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	4º-EFB1.1.4 - Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. Peso 3,333	É consciente cando alguén non cumpre as regras de xogo - 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Cuestionario 100%	CSC CAA CSIEE

EF-B1.1	4º-EFB1.1.5 - Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. Peso: 0,740%	Soltura na execución dos movementos 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). 100%	CSC CAA CSIEE
EF-B1.2	4º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. Peso 3,333	Utiliza autónomamente buscadores para recoller información 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Rexistro Participación (anecdótico). 100%	CD CAA CCL
EF-B1.2	4º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. Peso 3,333	Presenta fichas e traballos con orde e limpeza 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Cuestionarios, Tarefas 100%	CCL CD CAA
EF-B1.2	4º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. Peso 3,333	Escoita aos compañeiros, pide permiso para falar 50%		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Probas específicas 100%	CCL CSC
EF-B1.3	4º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.. Peso 3,333	Con interés en actitude positiva 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Informes 100% INSTRUMENTOS: Cuestionario, lección 100%	CSC CAA
EF-B1.3	4º-EFB1.3.2 - Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores. Peso: 0,740%	Resolve problemas motores, e tarefas propostas con autonomía 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. 100%	CSIEE CAA CCEC

EF-B1.3	4º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. Peso: 0,740%	Trae o equipamento axeitado a clase o 60% da carga lectiva do trimestre 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Informes participación 100% INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. 100%	CSIEE CAA CCEC
EF-B1.3	4º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. Peso: 0,740%	Con certa frecuencia 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). 100%	CSC
EF-B1.3	4º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. Peso 3,333	Acepta formar parte del grupo 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática 100% INSTRUMENTOS: Anecdótico 100%	CSC CAA
EF-B1.3	4º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. Peso: 0,740%	Recoñece as normas de educación viaria 50%		X		PROCEDEMENTOS: Aplicacións didácticas 100% INSTRUMENTOS: Cuestionarios 100%	CSC CAA
BLOQUE 2 O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN							
EF-B2.1	4º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. Peso: 0,740%	Respecta a todos os compañeiros, o seu nivel de destreza 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). 100%	CSC CAA
EF-B2.1	4º-EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que	Esfórzase e pon interese por aprender 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100%	CSC CAA CSIEE

	comportan as aprendizaxes de novas habilidades. Peso: 0,740%					INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). 100%	
EF-B2.2	4º-EFB2.2.1 - Recoñece os dous tipos de respiración. Peso 3,333	Distingue e aplica un dos dous tipos de respiración 50%	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 100%	CSC CAA
EF-B2.2	4º-EFB2.2.2 - Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables. Peso 3,333	Equilibrio nun banco sueco, nunha roda, nun ladrillo de psicomotricidad 50%	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. 100%	CSC CAA
EF-B2.2	4º-EFB2.2.3 - Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. Peso: 0,740%	Músculos.- brazo / bíceps - tríceps/ pierna/ cuadriceps-biceps femoral Articulacions.- ombreiro-cóbado-pulso-rodilla-cadeira 50%	X			PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. 100% INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado. 100%	CMCT CAA CSC
EF-B2.2	4º-EFB2.2.4 - Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles Peso: 0,740%	Realiza correctamente o 50% das tarefas motrices plantexadas 50%	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. 100%	CAA CSC CSIEE
EF-B2.2	4º-EFB2.2.5 - Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo. Peso: 0,740%	Ejecutar os moventos con soltura e plasticidad 50%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 100% INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). 100%	CAA CSC CSIEE

BLOQUE 3 HABILIDADES MOTRICES

EF-B3.1	4º-EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. Peso 3,333	Soltura, axilidade, cambios de ritmo, direccións, paradas 50%		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. 100% INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. 100%	CSC CCEC CAA
